

## COMUNICADO Nº 215/22 28 DE SETEMBRO DE 2022

### ❑ 1º MASTER INTERNACIONAL DE CARCROSS CIDADE DE OURENSE

Ante as novas negociacións coa entidade Municipal publícanse os premios definitivos, do “1º MASTER INTERNACIONAL DE CARCROSS CIDADE DE OURENSE”, así como o modo de abono por transferencia bancaria do Consello Municipal de Deportes aos deportistas.

Os premios e Trofeos que se entregarán serán os seguintes.

- 1º Clasificado: **4.000 euros** e Trofeo Bronce-Ouro.
- 2º Clasificado: **3.000 euros** e Trofeo Bronce-Plata.
- 3º Clasificado: **2.000 euros** e Trofeo Bronce-Bronce.
- 4º Clasificado: **1.000 euros** e Trofeo.
- 5º Clasificado: **1.000 euros** e Trofeo.
- 6º Clasificado: **1.000 euros** e Trofeo.
- 7º Clasificado: **1.000 euros** e Trofeo.
- 8º Clasificado: **1.000 euros** e Trofeo.
- 9º Clasificado: **1.000 euros** e Trofeo.

**TOTAL 15.000 euros**

.- Os premios económicos serán donados polo Excmo. Concello de Ourense, “**Comisión Municipal de Deportes**”, e serán transferidos directamente a conta dos deportistas nun prazo non superior a dous meses.

.- **Tódolos premios deste apartado son concedidos polo Excmo. Concello de Ourense e están afectados, no seu caso, pola retención vixente aplicada polo Ministerio de Facenda a conta do IRPF.**

### ❑ CALENDARIOS 2023

O pasado día seis de xuño de 2022, enviouse un Precalegario Autonómico de Galicia a Federación Estatal, por correo electrónico, para tentar evitar que se solapen as probas estatais e autonómicas a celebrar na tempada de 2023.

O mesmo tempo os Presidentes tiveron unha conversación telefónica, larga e distendida, para tentar achegar puntos de encontro de interese para ambas Federacións no eido deportivo, económico, e das probas de especial relevancia.

### ❑ AON

De cara a renovación da Póliza de Seguros de Responsabilidade Civil que ten contratada a Federación Galega de Automobilismo, a través de AON, podemos confirmar que “Allianz Seguros y Reaseguros España” foi a única compañía que nos enviou termos e condicións para a tempada 2023.

O Dpdo. de contratación e colocación de riscos de Aon, a solicitude da Federación Galega de Automobilismo, non foi capaz de atopar outra compañía aseguradora, de garantías, de mandar ofertas a peculiaridade da póliza.

Polo tanto a única oferta que se nos achega, a Federación Galega de Automobilismo, é a proposta de “Allianz”, tanto para a póliza de accidentes deportivos dos pilotos, copilotos, asistencias, oficiais, voluntarios, prensa, directivos, etc, para a póliza de Responsabilidade Civil.